

## ANUNCIO

Faise público para xeral coñecemento que esta Alcaldía con data 8 de febreiro de 2017 resolveu aprobar as bases reguladoras do Concurso de disfraces de adultos 2018, tal como de seguido aparecen redactadas

### *“BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DE MAIORES 2018*

1.- Poderán participar no concurso de disfraces de maiores, que terá lugar o luns, día 12 de febreiro de 2018 no Auditorio Municipal de Ponteareas, todas as persoas ou grupos cunha idade mínima de 13 anos. Os interesados en participar anotaranse nas propias dependencias do auditorio, a partir das 19:00 horas.

2.- Establécense os seguintes premios:

1. Primeiro premio: unha fin de semana para dúas persoas nunha casa rural en réxime de aloxamento.
2. Segundo premio: unha fin de semana para dúas persoas nun hotel en réxime de aloxamento.
3. Terceiro premio: unha cea para dúas persoas nun restaurante da localidade.

Os premios recollidos nestas bases, por un importe máximo de 600.-euros, concederanse con cargo ó orzamento municipal do ano 2018.

3.- O xurado estará integrado por persoas de asociacións culturais e persoas vinculadas coas asociacións participantes nas actividades do Entroido.

4.- O xurado valorará a orixinalidade, colorido dos disfraces, o traballo e bo gusto na súa realización. Valoraranse especialmente aqueles disfraces que sexan de confección artesanal e non presentados noutros certames ou concursos. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios.

5.- Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen estar esta obrigada a comunicalo previamente. A participación neste concurso de disfraces supón a aceptación das presentes bases, das cales darase publicidade no taboleiro de anuncios do Concello e a páxina web do Concello, así mesmo publicarase o resultado das mesmas nos mesmos medios. “

O Alcalde, Xosé Represas Giráldez  
(asinado electronicamente)